

# FESTIVAL CINE DO MAR



DO 21 AO 25 DE MAIO DE 2024



# I FESTIVAL CINE DO MAR

| MARTES<br>21 MAIO   | MÉRCORES<br>22 MAIO  | XOVES<br>23 MAIO  | VENRES<br>24 MAIO   | SÁBADO<br>25 MAIO  |
|---|--|---|---|--|
| Cine Seixo  | Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín  |   |   |  |
| <p>19:30 h<br/><b>INAUGURACIÓN</b></p> <p>Presentación do certame polos organizadores e autoridades</p> | <p>19:00 h<br/><b>A última dorna de Ons</b><br/>Anxo Cabada e Antón Davila</p> <p>Presentada polos seus autores</p>  | <p>19:00 h<br/><b>SECCIÓN OFICIAL ENSINO</b></p> <p><b>Entroido 2022/ U-los mariñeiros</b><br/><b>As praias de Marín/ en Marín?</b><br/><b>Mergullo nas rías/ CEIP Sequelo</b><br/><b>Un tesouro nas rías Mareas vivas de</b><br/>CEIP Carballal <b>Lourizán</b><br/><b>Mar de redes</b> CPR Sagrado<br/>IES Félix Muriel Corazón Placeres</p>  | <p>19:00 h<br/><b>SECCIÓN OFICIAL NOVOS/AS CREADORES/AS</b></p> <p><b>Cantiga Dorna</b><br/>Ángela Castro Antón Guerrero<br/><b>Nostra In Mare Vogar</b><br/><b>Fortuna</b> Andrea de la Iglesia<br/>Álvaro Martínez <b>Voltar do mar</b><br/><b>Treito</b> David Pérez-Rodrigo<br/>Carolina Segovia Martínez</p>   | <p>19:00 h<br/><b>CLAUSURA</b></p> <p>Entrega de premios<br/><b>Premio Sardiña de Ouro</b><br/><b>Premio Sardiña de Prata</b><br/><b>Premio Rodaballo de Ouro</b><br/><b>Mención especial</b><br/>Proxección:<br/><b>Obras premiadas</b></p> |
| <p>20:00 h<br/>Filme de inauguración:<br/><b>Matria</b><br/>Álvaro Gago</p>                             | <p>20:00 h<br/>Mesa redonda:<br/><b>“Patrimonio Marítimo”</b><br/>Antón Pousada - Pte. G.C.<br/>Ronsel<br/>Xosé Vilas - Vpte. G.C.<br/>Ronsel<br/>Fernando García - A.C. Os Galos<br/>Xaquín Fabeiro - Pte. Club Mariño A Reibo<br/>Ramón Collazo – Pte. AGALCARI<br/>(Asociación Galega de Carpinteiría de Ribeira)</p> | <p>20:00 h<br/>Mesa redonda:<br/><b>“O Museo do Mar de Marín. Pasado, presente, futuro”</b><br/>José Antonio Pérez - M<sup>a</sup> del Puerto Pérez<br/>Xosé M<sup>a</sup> Vilaboa - José Manuel Pesqueira<br/>Asociación Museo do Mar de Marín</p> <p>20:30 h<br/><b>Homenaxe ás Mulleres do Mar (2022-2023)</b>, de Lukas Santiago<br/>Homenaxeadas:<br/>Carmen Abreu, Chicha Dominguez, Manuela Couso, Lina Pazos, Juana Soto, Marisa Pazos, Ana González, Concepcion Santiago, Dolores Dopazo, Visitación Núñez</p> | <p>20:00 h<br/>Presentación/coloquio:<br/><b>Mostra Internacional de Cinema Documental Mares Da Fin Do Mundo</b><br/>Marcos Gallego<br/>Director da Mostra</p> <p>20:30 h<br/><b>Singlando do Albán</b>, de Tito Pérez - Mostra MDFDM 2021<br/><b>Atalaia/Piueiro</b>, de Xisela Franco<br/>Mención especial MDFDM 2022<br/><b>Tatuado nos ollos, levamos o pouso</b>, de Diana Toucedo - Mellor película Mostra MDFDM 2022</p> | <p>20:00 h<br/>Filme de clausura:<br/><b>Carpintaría de ribeira. Fasquiando o futuro</b><br/>AGALCARI</p>  |

# COMPETICIÓN OFICIAL

## CATEGORÍA ENSINO

Xoves, 23 de maio de 2024 ás 19:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

### ***As praias de Marín***

CEIP do Carballal

### ***Entroido 2022***

CEIP do Carballal

### ***Mergullo nas rías***

CEIP do Carballal

### ***Un tesouro nas rías***

CEIP do Carballal

### ***U-los mariñeiros en Marín?***

CEIP Sequelo

### ***Mareas vivas de Lourizán***

CPR Sagrado Corazón de Placeres

### ***Mar de redes***

IES Félix Muriel

## *As praias de Marín*



Centro de ensino: CEIP do Carballal

Duración: 3 minutos

Ano de produción: 2019

Xénero: Ficción /Vídeo-Poema

Dirección: Víctor Castro

Guión: E. V. Calo

Produción: O recuncho de Tambo

Reparto:

Nenos/as de 1º de Educación Primaria

### **Sipnose:**

Recitado *in situ* dunha serie de acrósticos dedicados ás praias de Marín.

## Entroido 2022



Centro de ensino: CEIP do Carballal

Duración: 6 minutos

Ano de produción: 2022

Xénero: Non ficción

Dirección: Víctor Castro

Produción: O recuncho de Tambo

Reperto:

Toda a comunidade educativa

### Sipnose:

Documental/resumo do Entroido 2022 no Carballal dedicado ao mar. Música orixinal versionada.



## *Mergullo nas rías*



Centro de ensino: CEIP do Carballal

Duración: 3 minutos

Ano de produción: 2022

Xénero: Ficción /Videoclip

Dirección: Víctor Castro

Guión: Lois, Aldhara e Lucía

Produción: O recuncho de Tambo

Reperto:

Nenos/as de 4º de Educación Primaria

### **Sipnose:**

Historia baseada no conto dun alumno que narra un soño baixo o mar de Marín. A música é orixinal, acompañada de coreografía.

## *Un tesouro nas rías*



Centro de ensino: CEIP do Carballal

Duración: 2 minutos

Ano de produción: 2022

Xénero: Ficción /Stop-Motion

Dirección: Patricia Cacharrón

Guión: Eva Gutiérrez

Produción: O recuncho de Tambo

Reparto:

Nenos/as de 3º de Educación Primaria

### **Sipnose:**

Historia argallada polo alumnado na que narran unha aventura mariña durante unha excursión ao Museo do Mar de Vigo. A música é orixinal.

## *U-los mariñeiros en Marín?*



Centro de ensino: CEIP Sequelo

Duración: 3 minutos

Ano de produción: 2024

Xénero: Non Ficción

Dirección: José Antonio Pazos

Guión: Curso 5º de Educación Primaria

Produción: Curso 5º de Educación Primaria

Reparto:

Nenos/as de 5º de Educación Primaria

### **Sipnose:**

A partir da canción tradicional “De Marín a Pontevedra”, a curta resalta por unha parte o baleiro que deixa en Marín a perda da cultura mariñeira, por iso elixe como escenario as poucas casas mariñeiras con patín que aínda quedan en pé, e o cemiterio dos botes, nunca tan cemiterio como agora, nun baleiro simbólico; e por outra parte a presenza de novos marinenses, de orixe norteafricana, que veñen a encher ese baleiro que deixan os marinenses de antano.



## *Mareas vivas de Lourizán*



Centro de ensino: CPR Sagrado Corazón de Placeres

Duración: 15 minutos

Ano de produción: 2018

Xénero: Ficción

Dirección: Natalia Soage e José Luis Aragón

Guión: Natalia Soage

Produción: José Luis Aragón

Reparto:

Nenos/as de 3º de Educación Primaria

### **Sipnose:**

Lourizán, os veciños maniféstanse xa que queren pechar a Taberna de Luís. Que será deles? Que será dos mariñeiros que cando veñen de faenar xogan a partida e é o centro de reunión para contar todas as novas? Que será da vida de Luís se lle cerran a Taberna? Conseguirán entre todos que non a cerren? 15 minutos de intriga e desconcerto.

## Mar de redes



Centro de ensino: IES Félix Muriel

Duración: 9 minutos

Ano de produción: 2023

Xénero: Ficción

Dirección: Labores de dirección realizadas grupalmente

Guión: Celia Dominguez, Manuel Vicente, Yago Lampón, César Tubío, Diego Galbán e María Presas.

Produción: Sara González, Sara González, Luís Aliste e Lucía Villanustre.

Reparto:

Ramón Collazo (Mestre carpinteiro de ribeira).

Alumnado de Filosofía de 4º de ESO.

### Sipnose:

Safi, unha famosa influencer, cansa da atarefada vida nas redes e da gran cidade, descubre nunha pequena vila da costa galega, Rianxo, unha actividade que lle dá un novo sentido a súa vida. O traballo nunha carpintería de ribeira achégalle un mundo no que se conxuga o aproveitamento dos recursos do monte cos coñecementos da construción tradicional de embarcacións, todo iso baixo o círculo da sustentabilidade. Atopada polos seus seguidores, Safi vese na obriga de explicar nas redes ese xiro na súa vida...e que mellor maneira que darlle voz ao seu mestre carpinterio de ribeira Ramón Collazo, cando cumpre 59 anos cerca da súa xubilación.

# COMPETICIÓN OFICIAL

## CATEGORÍA NOVOS/AS CREADORES/AS

Venres, 24 de maio de 2024 ás 19:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

***Cantiga***

Ángela Castro

***Dorna***

Antón Guerrero

***Nostra In Mare Fortuna***

Álvaro Martínez

***Treito***

Carolina Segovia

***Vogar***

Andrea de la Iglesia

***Voltar do mar***

David Pérez e Rodrigo Martínez

## *Cantiga*



Duración: 4 minutos

Ano de produción: 2023

Xénero: Ficción/Videoclip

Dirección: Ángela Castro

Guión: Ángela Castro

Produción: Ángela Castro

Reperto:

Ángela Castro e Alejandro Pazó

### **Sipnose:**

Primeiro poema en galego de Manuel Curros Enríquez, escrito en 1869 e incluído en “Aires da miña terra” (1880). Esta peza conta a historia dunha relación amorosa cun trágico final, unha situación que sufrían moitas parellas no momento debido ao contexto de inmigración e a búsqueda da vida no mar.

## *Nostra In Mare Fortuna*



Duración: 2 minutos

Ano de produción: 2024

Xénero: Non Ficción

Dirección: Álvaro Martínez

Guión: Álvaro Martínez

Produción: Álvaro Martínez

### **Sipnose:**

“Nostra in mare fortuna” é un documental que subliña a importancia do mar na identidade cultural e económica de Marín, unha localidade coñecida pola súa rica historia pesqueira e naval.

A intención é mostrar non só a relación intrínseca entre os habitantes de Marín e o mar, senón tamén a necesidade de preservar tanto o medio ambiente como as tradicións marítimas que definiron a vila ao longo dos séculos.



## Treito



Duración: 2 minutos

Ano de produción: 2024

Xénero: Non Ficción

Dirección: Carolina Segovia

Guión: Carolina Segovia

Produción: Carolina Segovia

### Sipnose:

“Treito” é unha breve recompilación do pequeno camiño que fai unha persoa nova nas costas de Marín. É a vista a través duns ollos descoñecidos das praias de Portocelo e Mogor, recollendo cada tipo de detalle que fain destes lares unha experiencia moi enriquecedora.

*UnDorna*

# DORNA



Dirección y cámara:  
**Antón Guerrero Estévez**

Rexión:  
**Porto do Son, Galicia**

Año:  
**2019**

Duración: 8 minutos

Ano de produción: 2019

Xénero: Non Ficción/Documental

Dirección: Antón Guerrero

Guión: Antón Guerrero

Produción: Antón Guerrero

Reparto (Non Ficción):

Agustín Fernández e Rubén Fernández.

## **Sipnose:**

Tres xeracións dunha familia ligadas ao mar. Agustín Fernández, percebeiro de profesión, aprendeu do seu pai todo o necesario para adicarse ao mar, cando saía pescar con el nunha pequena dorna. Despois de xubilarse, o seu fillo Rubén é o encargado de continuar co legado familiar.

## Vogar



Duración: 9 minutos

Ano de produción: 2021

Xénero: Non Ficción/Documental

Dirección: Andrea de la Iglesia

Guión: Andrea de la Iglesia

Produción: Marcos Gallego (ABA Films)

Reperto (Non Ficción):

Primitivo Pedrosa, Alexandra Pedrosa, Xían Pedrosa e Diego Vieites.

### Sipnose:

Primitivo herdou de seu pai un dos oficios máis ancestrais que existen en Galicia: a pesca artesanal do polbo. Comprometido co seu oficio, coas artes tradicionais de pesca e preocupado pola sostibilidade e a conservación do medio mariño, relata aos seus fillos as súas preocupacións para que comprendan as consecuencias que tería a desaparición deste oficio e o papel que eles, as novas xeracións, teñen para lograr preservalo.



## *Voltar do mar*



**Duración:** 9 minutos

**Ano de produción:** 2021

**Xénero:** Non Ficción/Documental

**Dirección:** David Pérez e Rodrigo Martínez

**Guión:** David Pérez e Rodrigo Martínez

**Produción:** David Pérez e Rodrigo Martínez

**Reparto (Non Ficción):**

Juan Olveira

### **Sipnose:**

A relación entre o mar e o ser humano sempre tivo dúas caras. O 17 de xuño de 2021 tivo lugar o naufraxio do Sempre Güeto en augas de Cedeira, ó norte de Galicia. Dos dez integrantes da tripulación, oito conseguiron sobrevivir. Un deles reflexiona sobre o accidente e o que ven despois dunha traxedia así.

# PROXECCIONS ESPECIAIS

Martes, 21 de maio de 2024 ás 20:00 h (Cine Seixo)

FILME INAUGURAL:

*Matria*, de Álvaro Gago

Mércores, 22 de maio de 2024 ás 19:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

*A última dorna de Ons*, de Anxo Cabada e Antón Davila

Xoves, 23 de maio de 2024 ás 20:30 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

*Vídeos Homenaxe ás Mulleres do Mar (2022-2023)*, de Lukas Santiago

Venres, 24 de maio de 2024 ás 20:30 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

*Singlando do Albán*, de Tito Pérez

*Atalaia/Piueiro*, de Xisela Franco

*Tatuado nos ollos, levamos o pouso*, de Diana Toucedo

Sábado, 25 de maio de 2024 ás 20:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

FILME DE CLAUSURA:

*Carpintaría de Ribeira, Fasquiando o futuro*, AGALCARI



## *Matria*



Duración: 99 minutos

Ano de produción: 2023

Xénero: Ficción

Dirección: Álvaro Gago

Guión: Álvaro Gago

Produción: Daniel Froiz (Matriuska Produc.)

Reparto:

María Vázquez, Santi Prego, Soraya Luaces,  
Tatán.

### **Sipnose:**

Ramona vive na costa galega sumida nun contexto laboral e persoal tenso e precario. Entre múltiples traballos, tenta proporcionar un futuro mellor á súa filla Estrella. Cando esta semella preparada para tomar o seu propio camiño, Ramona dáse conta de que pode facer algo por si mesma.

## *A última dorna de Ons*



**Duración:** 30 minutos

**Ano de produción:** 2023

**Xénero:** Non Ficción/Documental

**Dirección:** Anxo Cabada e Antón Davila

**Guión:** Anxo Cabada e Antón Davila

**Produción:** Anxo Cabada e Antón Davila

**Reparto (Non Ficción):**


Cesáreo Patiño

### **Sipnose:**

Este documental conta a historia de Cesáreo Patiño, mariñeiro de 80 anos, supervivente dunha forma de pescar, ao xeito tradicional, a bordo da súa dorna "Carmen".

Cesáreo Patiño é o último testemuño dunha frota artesanal que no seu día contaba, alomenos, cunha embarcación por familia en Ons. Patiño aínda sae a pescar polbo e conserva a técnica de antes da chegada das nasas. Desde que morreu a súa muller, xa non vive permanentemente na illa. Compaxina as súas estancias con períodos en Bueu, onde tamén viven outros veciños de Ons.

## *Homenaxe ás Mulleres do Mar (2022-2023)*



Duración: 10 vídeos de 3-4 minutos

Ano de produción: 2022-2023

Xénero: Non Ficción

Dirección: Lukas Santiago

Guión: Lukas Santiago

Produción: Museo do Mar de Marín

Reparto (Non Ficción):

Carmen Abreu, Chicha Dominguez, Manuela Couso, Lina Pazos, Juana Soto, Marisa Pazos, Ana González, Concepcion Santiago, Dolores Dopazo, Visitación Núñez.

### **Sipnose:**

Son vídeos elaborados para a realización da II e da III edición das Xornadas de Homenaxe ás Mulleres e Homes do Mar, que tiveron lugar en 2022 e 2023 no contexto das festas de San Miguel de Marín.

Neste caso, trátase dun conxunto de pezas seleccionadas entre as que se proxectaron, centrándose en 10 mulleres, que serve para facer un percorrido polos diferentes traballos que levaban a cabo as mulleres nas actividades ao redor da pesca e reivindicar a súa importancia.



## *Singlando do Albán*



Duración: 8 minutos

Ano de produción: 2021

Xénero: Non Ficción/Documental

Dirección: Tito Pérez

Guión: Tito Pérez

Produción: Vanessa Martínez (A Mariñeira Audiovisual)

Reparto (Non Ficción):

María Ínsua e María Ana Antelo.

### **Sipnose:**

María (A Foriñeira) de apodo da parroquia de San Cosme de Outeiro, tenta transmitir mediante as súas vivencias as experiencias tan fermosas que viveu desenvolvendo o seu traballo. Foi mariscadora, e a día de hoxe asegura que seguiría exercendo se lle deixaran.

A frase que a identifica é “amor polo mar”.

## *Atalaia/Piueiro*



Duración: 8 minutos

Ano de produción: 2022

Xénero: Non Ficción/Documental

Dirección: Xisela Franco

Guión: Xisela Franco

Produción: Xisela Franco

Reparto (Non Ficción):


Marina Álvarez e Tito Chirro.

### **Sipnose:**

Unha aproximación ao mundo do mar desde a etnografía experimental, entre o documental e a poesía. Para a primeira parte da obra contouse coa colaboración da Asociación de Redeiras do Baixo Miño 'Atalaia', mentres que na segunda parte traballouse man a man coa Asociación de Embarcacións Tradicionais 'O Piueiro'. Este díptico terra/mar - masculino/feminino trata de dar visibilidade ao patrimonio inmaterial de A Guarda, crear emocións arraigadas no territorio e na súa xente mediante a antropoloxía audiovisual.



## *Tatuado nos ollos, levamos o pouso*



Duración: 26 minutos

Ano de produción: 2022

Xénero: Non Ficción/Documental

Dirección: Diana Toucedo

Guión: Diana Toucedo

Produción: Sinsalaudio e Diana Toucedo Films.

Reparto (Non Ficción):

Mariscadoras e mariñeiros da Confraría de San Xoán de Redondela.

### **Sipnose:**

As mariscadoras dunha pequena vila ao sur de Galicia afánanse cada día de marea por sementar, cavar e coidar o limiar entre a auga do mar e a area. Ese espazo no que cultivar un froito prezado, é tamén un espazo relacional que as une colectivamente, abríndolles a posibilidade dos apoios emocionais, morais, femininos, afectivos e de conciencia traballadora. Unha nova conciencia colectiva que emerxe nelas, intuindo así que non soamente realizan un traballo artesanal, senón que son unha rede de afectos que transforma o mundo que habitan.

## *Carpintaría de ribeira. Fasquiando o futuro*



Duración: 47 minutos

Ano de produción: 2020

Xénero: Non Ficción/Documental

Dirección: Xunta directiva AGALCARI

Guión: Pablo Carrera e Gerardo Triñanes

Produción: AGALCARI

Reparto (Non Ficción):

Diferentes persoas vencelladas á carpinteiría de ribeira.

### **Sipnose:**

Obra que pon en valor o gran patrimonio cultural e industrial que representa a carpintaría de ribeira para Galicia, a través das intervencións de personaxes vencellados a esta tradición. A película expón as razóns que levaron a esta industria a unha situación crítica, que comezou a revertirse no ano 2007 coa creación de AGALCARI, promovendo un plan para a defensa, recuperación, produción e diversificación das embarcacións de madeira como un dos expoñentes da cultura marítima de Galicia.

# ACTIVIDADES PARALELAS

Mércores, 22 de maio de 2024 ás 20:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

*Mesa redonda:*

***“O Patrimonio Marítimo”***

*Participantes: Antón Pousada - Pte. G.C. Ronsel*

*Xosé Vilas - Vpte. G.C. Ronsel*

*Nando - A.C. Os Galos Xaquín Fabeiro - Pte. Club Mariño A Reibo*

*Ramón Collazo – Pte. AGALCARI*

*(Asociación Galega de Carpintería de Ribeira)*

Xoves, 23 de maio de 2024 ás 20:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

*Mesa redonda:*

***“O Museo do Mar de Marín. Pasado, presente, futuro”***

*Participantes: José Antonio Pérez – Pte. da Asociación Museo do Mar de Marín*

*Mª del Puerto Pérez - – Vpta. da Asociación Museo do Mar de Marín*

*Xosé Mª Vilaboa – Secr. da Asociación Museo do Mar de Marín*

*José Manuel Pesqueira - Vogal da Asociación Museo do Mar de Marín*

Venres, 24 de maio de 2024 ás 20:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

*Presentación/Coloquio:*

***“Mostra Internacional de Cinema Documental Mares Da Fin Do Mundo”***

*Participantes: Marcos Gallego - Director da Mostra MDFDM*

*Lukas Santiago – Director do Festival Cine do Mar*

# CERIMONIA DE CLAUSURA E ENTREGA DE PREMIOS

Sábado, 25 de maio de 2024 ás 19:00 h (Biblioteca Pública Vidal Pazos de Marín)

Entrega de premios:

**Premio Sardiña de Ouro**

Premio do xurado á mellor obra (Categoría Novos/as Creadores/as)

**Premio Sardiña de Prata**

Premio do público á mellor obra (Categoría Novos/as Creadores/as)

**Premio Rodaballo de Ouro**

Premio do xurado á mellor obra (Categoría Ensino)

**Mención especial do xurado** (Categoría Ensino)

Proxección:

**Obras premiadas**

## XURADO OFICIAL

**Diego Santaclara**

Produtora Trece Amarillo

**José Antonio Pérez**

Pte. da Asociación Museo do Mar de Marín

**Diego M. Barcia**

Produtora Trece Amarillo

**Xosé María Vilaboa**

Secr. da Asociación Museo do Mar de Marín

**Daniel Antelo**

Creador e director do John Balan Fest -  
Filmes Atlánticos e Novos Medios

**Lukas Santiago**

Director do Festival Cine do Mar

# FESTIVAL CINE DO MAR



ORGANIZA:



PATROCINA:



FESTIVAL COLABORADOR:



PATROCINADOR  
FILME INAUGURAL:



CINE COLABORADOR:



COLABORAN:



Diario de Pontevedra



ATENEO SANTA CECILIA

